

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2025/2026

Normativa reguladora máis relevante: [RD 822/2021](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo [RD 861/2010](#); [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 25 de setembro de 2023.

Denominación do título de MÁSTER proposto	Máster de Literatura Dramática, Música y Artes Escénicas
Centro de impartición na UVIGO	FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	
Persoa de contacto no centro	Nome: MANUEL ÁNGEL CANDELAS COLODRÓN
	Email: mcande@uvigo.gal
	Teléfono: 645662749
É a proposta un título de Máster ligado a competencias profesionais reguladas?	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:
Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<p>X Si Indicar cales:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Ten en conta a estrutura económica da Comunidade Autónoma, as necesidades do seu mercado laboral e a existencia dunha demanda real por parte da sociedade e dos/as estudantes. E procura a incorporación de perfís profesionais de futuro e vincula- dos aos sectores estratéxicos de Galicia. 2. Ten un carácter esencial e estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do Sistema Universitario de Galicia. 3. Acredita a súa viabilidade económica, atendendo aos recursos dispoñibles. 4. Ten en conta a oportunidade, unha decidida innovación docente e investigadora así como a súa incardinación en redes internacionais de calidade e coherencia cos plans estratéxicos das universidades. 5. Inclúe unha descrición dos mecanismos que permitan, de ser o caso, unha revisión da titulación de se produciren cambios significativos na demanda por parte da so- ciedade, dos/as estudantes e do ámbito económico e profesional. 6. Non coincide con obxectivos e contidos doutros títulos oficiais existentes na mesma universidade. Non hai multiplicidade de títulos. Trátase dunha titulación única en Galicia. 7. Xustifica plenamente o encadramento da proposta dentro da oferta global galega e garante o equilibrio nos diferentes campus. Sobre todo, potencia a súa

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2025/2026

	singularidade dentro do Sistema Universitario de Galicia.
Cumpre os requisitos específicos para títulos de máster recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si. Indicar cales: <ol style="list-style-type: none"> 1. Outorga competencias profesionais decisivas. 2. Ten unha orientación laboral ou práctica. 3. Ten garantidas as prácticas do estudiantado, no caso de estar establecidas na memoria da titulación; 4. Cubre a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral. 5. Ten carácter internacional
É unha proposta de carácter interuniversitario?	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora:
Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación)	<ul style="list-style-type: none"> • LITERATURA ESPAÑOLA E TEORÍA DA LITERATURA • FILOLOXÍA GALEGA E LATINA • FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESA E ALEMÁ • TRADUCCIÓN E LINGÜÍSTICA • LINGUA ESPAÑOLA
Incluír unha proposta de composición da comisión redactora da memoria (indicar expresamente os membros da comisión)	<ul style="list-style-type: none"> • PRESIDENTE Manuel Ángel Candelas Colodrón, Catedrático de Literatura Española da Universidade de Vigo • SECRETARIA/O Margarita Pino Juste, Catedrática de Universidade de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Vigo • MEMBRO DA COMISIÓN DE CALIDADE Carmen Luna Sellés, Profesora Titular de Literatura Española da Universidade de Vigo • VOGAIS Burghard Baltrusch, Profesor Titular de Literaturas Lusófonas Javier Jurado Luque, Catedrático de Historia de la Música del Conservatorio Superior de Música de Vigo Roberto Relova Quinteiro, Catedrático de Etnomusicología en el Conservatorio Superior de Música de Vigo. Director da ESAD. Carmen Becerra Suárez, Profesora Titular de Teoría da Literatura da Universidade de Vigo José Ramón González García, Catedrático de Literatura Española, Universidad de Valladolid
Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do máster e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011	Tres son os fundamentos deste Máster: os estudos de investigación no campo da Música, os clásicos e máis desenrolados na Universidade do ámbito literario, e os derivados das Artes Escénicas. Os estreitos vencellos entre estas artes principais da cultura da humanidade constitúen o cerne deste Máster. A necesidade, pois, amósase primixenia e,

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2025/2026

desde ese punto de vista, resulta singular no contexto amplo do Sistema Universitario Galego a construción dun espazo intelectual e académico que dea conta da investigación básica sobre este aspecto central da cultura universal.

Pero tamén a necesidade xorde da demanda dun bó número de estudantes que forman parte dos Estudos superiores de Música e de Artes Escénicas de Galicia. Nestes momentos, a *Escola Superior de Arte Dramática* de Vigo é a única institución que permite cursar, de xeito homologable aos estudos de grao universitarios, uns estudos adicados á disciplina teatral. Non teñen, no entanto, continuidade en posgraos ou másteres e menos unha saída investigadora en forma de Doutoramento. O Máster de Teatro e Artes Escénicas que estivo en funcionamento hai anos durante un prolongado periodo de tempo amosou o interese de boa parte do seu estudantado polos estudos avanzados, cifrado no número elevado de persoas egresadas e, sobre todo, no altísimo número, en termos relativos, de teses lidas estes últimos anos derivadas daqueles cursos.

Ás necesidades da ESAD convén engadir a xurdida do alumnado de Conservatorio de proseguir os seus estudos. Ben é certo que a propia Escola foi quen de presentar un Máster para responder a tal demanda, pero fica rematada nesa formación sen que podan acceder á elaboración dunha tese doutoral. A proposta neste sentido preséntase complementaria e integradora para o alumnado desa Ensinanza Artística.

E por último, o alumnado procedente dos estudos de Grao de Filoloxía Aplicada Galega e Española atopa neste Máster unha opción fundamental para comezar a desenrolar a súa potencialidade investigadora. Agora mesmo este alumnado abandona a Facultade de Filoloxía e Tradución sen un estudo de posgrao específico e vencellado ás materias do Grao, con vocación investigadora e perfil científico. O actual Programa de Doutoramento de Estudos Literarios encárgase de abranger aquelas teses ailladas de persoas que teñen que facer outros másteres alonxados dos seus intereses sobre a literatura. O Máster proporcionaría, neste sentido, un marco de encontro intelectual para os posibles investigadores/as sobre Literatura que agora mesmo non existe.

O Máster posúe un carácter, pois, esencial e estratéxico no Sistema Universitario de Galicia, xa que pode alentar a concorrencia de estudantes procedentes de tres ámbitos fundamentais da investigación. No caso do profesorado deste dous centros educativos, enténdese, ademais, que a elaboración da tese doutoral é requisito imprescindible para acceder a certas categorías profesionais.

Os recursos dispoñibles son máis que suficientes; diríase incluso que o Máster daría visibilidade á importancia tanto do Conservatorio coma da ESAD na estrutura académica e tamén permitiría empregar a unha boa parte do profesorado da Universidade, necesitado de prolongar as súas tarefas docentes

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2025/2026

	<p>cunha clara infraestrutura investigadora, agora pouco desenrolada. A construción dunha masa crítica sobre o campo interconectado das artes musicais, literaria e, por extensión, escénicas resulta de gran relevo intelectual e cumpre cos obxectivos fundamentais dun Máster coa posible e ulterior implantación dun Programa de Doutoramento relacionado.</p> <p><i>O Máster de Literatura Dramática, Música e Artes Escénicas</i> permitirá abrir novas vías para o desenvolvemento de perfís profesionais vinculados coa creación, a xestión ou a formación teatral e musical. Potenciará a formación de investigadores que desenvolvan a súa actividade no campo das artes da representación escénica e das artes musicais que conforma un amplo ámbito de disciplinas coma teoría e historia da literatura dramática, patrimonio musical, relacións interartísticas entre poesía, música e arte dramático, espectáculos musicais, análise e crítica da representación teatral, entre outras. Buscarase unha clara dimensión práctica, metodolóxica e tecnolóxica, co que as posibilidades de vincular as investigacións cos procesos de creación escénica son considerables. O feito de o alumnado proceder de titulacións vinculadas co campo das humanidades, os estudos literarios e os estudos superiores de arte dramática e musicais pode ser moi interesante para a formación de equipos interdisciplinarios. Neste sentido, tampouco ha dar ao esquecemento a formación de investigadores e especialistas nun campo emerxente como é o da educación e a animación teatral, que está a cobrar especial relevancia nos espazos e os tempos educativos escolares, nos tempos e espazos da educación non formal, en procesos de desenvolvemento sociocomunitario ou en procesos e programas de animación sociocultural de moi diverso signo. O uso de recursos, procedementos e técnicas de carácter dramático teatral, que van desde a realización de actividades de expresión até a recuperación de tradicións vinculadas ao patrimonio inmaterial, convida á formación de especialistas coas competencias necesarias para desenvolver, implementar e avaliar programas de intervención e potenciar a investigación.</p> <p>Sen dúbida, o Máster, aparte de corresponder á unha demanda real por parte da sociedade, baseada nunha necesidade intelectual de crear masa crítica en torno á creación escénica, literaria e musical, presenta un carácter esencial e estratéxico para o Sistema Universitario de Galicia xa que dá continuidade académica, formativa e científica a varios planos das Ensinanzas Artísticas (da Escola de Arte Dramática e do Conservatorio) necesitadas dun enriquecemento intelectual ulterior aos estudos de Grao. O Máster, pois, xustifica plenamente o encadramento da proposta dentro da oferta global galega e potencia a súa singularidade dentro do Sistema Universitario de Galicia.</p>
--	--

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de Máster que se pretendan implantar no curso 2025/2026 é **o 24 de novembro de 2023**.
- Enviar a verifica@uvigo.es